

Os tempos... pídennos aos escritores galegos moito.

Sendo mozo, tomou consciencia da existencia dunha "continuidade galega diferenciada". Para el era necesario ser fiel a esa continuidade porque "canto máis é un do seu tempo e do seu país, canto máis é un do seu espello e da súa paisaxe, ten entón máis posibilidades de ser verdadeiro".

Considerou a lingua un dos elementos fundamentais da identidade galega. Tanto é así que afirmou: "Se a miña obra ten un sentido, teno no meu desexo profundo [de] que a nosa lingua continúe, que Galicia siga". Como escritor profesional foi bilingüe pese a non crer no bilingüismo: a súa "lingua de fondo" era a galega, porén o castelán tíñalle "o sabor de algo propio".

Fotografía: Magar



“Alí estaba a miña terra, a terra da miña vocación e dos meus días, a terra temporal e a eterna, a terra que a miña lingua, a lingua do meu escuro acento labrego, precisaba para existir”.







Malia estar gravemente enfermo, en 1980 Cunqueiro participa na campaña a prol do Estatuto de Autonomía coa paixón da campaña de 1936.


“É a hora, sen máis, de Galicia; é unha hora agardada polos mellores dos galegos, durante anos e anos”.



Propaganda da campaña do referendo do Estatuto de Galicia, 1980

Cunqueiro foi embaixador oficioso da cultura galega. Ademais de contar de Galicia na súa obra literaria e nos seus artigos, escribiu numerosas guías de viaxes





No niño novo do vento | Cen anos con Álvaro Cunqueiro | 1911-2011

Homenaxe a Pero Meogo

Pero Meogo no verde prado

—Dime a onde vas, miña cerva ferida,
dime a onde vas, polo meu amor!

—Vou para o verso dunha cantiga,
meu cazador!

—Dime a onde vai teu cabelo, doncela,
dime a onde vai, polo meu amor!

—Vai pra unha fita verde de seda,
meu cazador!

—Dime unha cita de alba, amiga,
dime unha cita, polo meu amor!

—Onde o cervo do monte a i-auga volvía,
meu cazador!

—Nunca vi cerva nos beizos deitada,
nunca vi fita que atase no vento,
nunca vi cervo que volvese o alto,
polo meu amor!

Herba aquí e acolá, 1980